



20 empresarios composteláns formaranse en comercio electrónico

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia pecha o seu programa de formación en Santiago cun curso durante os días 15, 16 e 17 de xullo. Está dirixido a empresarios e persoal de PEMES.

A venda por Internet e como aumentar os beneficios dunha PEME co comercio electrónico son os obxectivos dun curso gratuíto que organiza o Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, no que se formarán arredor de **20 empresarios** santiagueses. Este curso terá lugar os días **15, 16 e 17 de xullo** na **Facultade de Ciencias da Comunicación**, en horario de 16:30 a 20:30.

Dende o pasado novembro do 2002, son xa máis de 50 os empresarios e persoal de PEMEs composteláns que recibiron formación básica en comercio electrónico durante os catro cursos realizados ata o momento, ós que se engadirán vinte máis deste derradeiro curso a celebrar na cidade de Santiago.

O curso, **GRATUÍTO** para tódolos asistentes, pretende ilustrar ós **directivos e persoal das PEMES** (pequenas e medianas empresas) nas vantaxes da Rede como unha canle para desenvolver novas formas de negocio. O curso ten unha duración de 12 horas repartidas en tres tardes, durante as cales se verán temas como as técnicas de marketing en Internet, as ferramentas de seguridade e de pago, a loxística e distribución e os aspectos xurídicos do comercio electrónico. Ademais, analizaranse casos de empresas que levaron á práctica con éxito procesos de comercio electrónico.

A inscrición para este curso está **ABERTA** e pode facerse dende a páxina web do Centro:

CURSO DE COMERCIO ELECTRÓNICO EN SANTIAGO	
Días	15, 16 e 17 de Xullo
Dirixido a	Empresarios e persoal de PEMES
Horario	De 16:30 a 20:30
Lugar	Sala multimedia da Facultade de Ciencias da Comunicación, Campus Norte, Avda. de Castelao s/n, Santiago.
Inscricións	www.e-negociogalicia.com/formacion Tlf: 981 - 56 98 10

Os cursos de comercio electrónico do Centro de Competencias están a acadar un grande éxito de demanda en Santiago. Ata o momento, o número de inscricións de empresarios duplicaron ás prazas ofertadas.

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia é unha entidade promovida pola Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación, de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, e apoiada polo CESGA, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago.

Dpto. de Comunicación
Centro de Competencias en Comercio Electrónico

